



PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXEN O PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE MECANIZADO DO CONCELLO DE MEIRA.

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

O presente contrato ten por obxecto contratar o servizo integral de desbroce mecanizado nas parcelas sitas no Concello de Meira que se sinalen polo responsable do contrato.

En caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

Para os efectos do presente prego e da LCSP, ao tratarse dun procedemento aberto cuxo valor estimado non supera os 215.000,00 euros o presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada.

De acordo co art. 1 LCSP a presente contratación axústase aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización do servizo.

De conformidade co establecido no art. 1.3 e concordantes LCSP os criterios sociais e ambientais son recollidos no presente prego de maneira transversal, en especial canto aos criterios de adxudicación e condicións especiais de execución, e esixencia de cumprimento da normativa laboral (en especial cumprimento de convenios e obrigas de pago de salarios, así como de prevención de riscos laborais) normativa social (persoas con discapacidade, igualdade de xénero, non discriminación de persoas) e medioambiental (adopción de medidas ambientais e ecolóxicas), etc

2.- NATUREZA DO CONTRATO.

A execución do presente contrato vén determinada polo exercicio das competencias municipais reguladas nos artigos 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e no artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Segundo a clasificación do Vocabulario común de contratos (CPV) ao presente contrato correspóndelle o 77312000-0 Servizos de desbroce e o 45111220-6 e Traballos de desbroce.

3.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

O contrato a realizar cualifícase como contrato de servizos, de conformidade co establecido no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (en adiante LCSP).

A presente contratación ten carácter administrativo, e rexerá en todo o non previsto especialmente neste prego de condicións polo disposto nas seguintes normas:



- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014 sobre Contratación Pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE.
- Regulamento de Execución (UE) 2016/7 da Comisión, de 5 de xaneiro de 2016, polo que se establece o formulario normalizado do documento europeo único de contratación.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro (RGLCAP).
- Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as de dereito privado.

4.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

O órgano de contratación que actúa en nome do Concello de Meira, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, é a Alcaldía.

5.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN.

A forma de adxudicación do contrato será o procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, previsto no artigo 159.6 da LCSP e no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

A adxudicación do contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo de conformidade co que se establece na cláusula décima.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público ao procedemento de contratación, toda a información relativa a este contrato poderá consultarse no Perfil do Contratante do Concello de Meira.

6.- PREZO DO CONTRATO, ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO.

6.1.- De acordo ao artigo 101 da LCSP, o valor estimado do presente contrato ascende a **DEZAOITO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA (22.080,00 €)**.

Para elo, tívose en conta os prezos predominantes no mercado para este tipo de servizos e unha vez analizados os prezos dos anos anteriores.

Dada a natureza do servizo, non procederá en ningún caso a revisión do prezo do contrato e polo tanto non se aplicará fórmula de revisión algunha.

No prezo do contrato enténdense incluídos todos os costes que correspondan á prestación do presente servizo.



6.2.- O orzamento base de licitación do presente contrato acada os **VINTE E SEIS MIL SETECENTOS DEZASEIS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (26.716,80 €)**.

O IVE dos servizos a realizar acada os **CATRO MIL SEISCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (4.636,80 €)**.

7.- EXISTENCIA DE CRÉDITO.

O Concello de Meira obtivo unha subvención por importe de 22.080,00 € da Consellería de Medio Rural. O Concello asume a parte restante con recursos propios.

As obrigas económicas do presente contrato serán abonadas con cargo á aplicación orzamentaria 136.227 do Orzamento do Concello de Meira.

8.- REVISIÓN DE PREZOS.

Non cabe a revisión de prezos no presente contrato.

De conformidade co establecido no art. 8 do Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, e o artigo 103 da LCSP, que regulan os requisitos para que proceda a revisión de prezos nos contratos do sector público, a este contrato non resulta aplicable a citada revisión.

9.- ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo:

- 1.- Plena capacidade de obrar (art. 65 LCSP).
- 2.- Non estean incursoas en prohibicións para contratar coa administración a que se refiren os artigos. 71 a 73 LCSP.
- 3.- E acrediten a súa solvencia económica e financeira (art. 87) e técnica (art. 88), (ou se atopen debidamente clasificadas, nos supostos a que se refire o art. 77).

A capacidade de obrar dos empresarios que sexan persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou a acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.



Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

10.- CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA.

Conforme ao art. 159.6 b) da LCSP para o presente contrato eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

11.- INSCRICIÓN NO ROLECE.

A capacidade de obrar dos empresarios e a non concorrencia de prohibicións de contratar acreditarase mediante a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ou Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia), consonte o establecido no artigo 159 LCSP. As inscricións no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, polo que a acreditación da capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar realizarase na forma establecida con carácter xeral.

12.- RESPONSABLE DO CONTRATO.

Ao responsable do contrato correspóndelle, acordo co disposto no artigo 62 da LCSP, supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúa.

Cando o contratista, ou persoas del dependentes, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

Correspóndelle ao Alcalde ser a persoa responsable do contrato.

13.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DOCUMENTACIÓN.

13.1.- Condicións previas.

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidades ou reserva algunha.

Cada entidade licitadora non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si o fixera individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal.

As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento de apertura das proposicións.



A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por él subscritas.

13.2.- Información aos licitadores.

Cando sexa preciso solicitar a información adicional ou complementaria a que se refire o artigo 138 da LCSP, a Administración contratante deberá facilitarlle, polo menos, seis días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, sempre que dita petición preséntese cunha antelación mínima de doce días respecto daquela data. Dita solicitude efectuarase ao número de fax ou á dirección de correo electrónico previsto no anuncio de licitación.

13.3.- Lugar e Prazo de presentación das ofertas.

As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Meira en horario de 9:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES contados a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Meira.**

Se o último día coincidise en sábado, domingo ou festivo, o prazo prorrogarase ata o primeiro día hábil seguinte.

O non cumprimento do lugar, do prazo e da hora da presentación da documentación será causa de exclusión.

As proposicións tamén poderán presentarse, por correo, ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as ofertas se envíen por correo, (Concello de Meira, Praza do Concello s/n, 27.240, Meira-Lugo) o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida pola Secretaria do Concello.

Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación.

En todo caso, transcorridos dous días seguintes a esa data sen que se recibira a documentación, ésta non será admitida.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As ofertas para tomar parte na licitación presentaranse en **UN sobre pechado**, asinado polo licitador e con indicación do domicilio para os efectos das posibles notificacións, nos que fará constar a denominación do sobre e o título:



“SERVIZO DE DESBROCE MECANIZADO DO CONCELLO DE MEIRA”

Sobre ÚNICO: Documentación administrativa, proposición económica e documentación avaliable mediante fórmulas.

O documento a incluír deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

Incluiranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada destes:

a) Declaración Responsable do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

A declaración responsable presentarse conforme ao modelo incluído no presente prego.

En caso de que a adscrición de medios esixida se cumpra con medios externos ao licitador, deberá presentarse unha declaración responsable polo licitador e por cada un dos medios adscritos á execución do contrato.

Se varias empresas concorren constituíndo unha unión temporal, cada unha das que a compoñen deberá acreditar a súa personalidade, capacidade e solvencia, presentando todas e cada unha presentar a correspondente declaración responsable.

b) Documento no que conste a dirección de correo electrónico, fax e teléfono fixo ou móbil a través do cal se lle poidan remitir as comunicacións que se estimen pertinentes seguindo o modelo que se detalla a continuación:



“D/D^a.....provisto de DNI.....con
enderezo para os efectos das posibles notificacións neste procedemento
en.....en nome e representación da
mercantil....., con CIF.....,
comunico ao Concello de Meira que a dirección de correo electrónico, número de fax,
así como de teléfono fixo e/ou móbil a través dos que se poden establecer unha vía de
comunicación con esta empresa no que atinxe a este procedemento aberto simplificado
para a adjudicación do contrato denominado “**SERVIZO DE DESBROCE
MECANIZADO DO CONCELLO DE MEIRA**”, son os que a continuación se
relacionan:

- Dirección de correo electrónico:
- Número de Fax:
- Número de teléfono/s fixo e móbil:

Meira,.....dede 2023

Sinatura do licitador,

Asdo.:

Toda a documentación administrativa anteriormente relacionada, agás a sinalada na
letra b), poderase substituír pola presentación dunha declaración responsable conforme
ao seguinte modelo:



MODELO DECLARACIÓN DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA

D/Dª.....
...provisto de DNI.....con enderezo para os efectos
das posibles notificacións neste procedemento
en.....
.....en nome e representación da
mercantil....., con
CIF.....,

en relación ao procedemento administrativo de contratación administrativa mediante o procedemento aberto simplificado do Concello de Meira para o contrato de:

“SERVIZO DE DESBROCE MECANIZADO DO CONCELLO DE MEIRA”

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE:

Primeiro.- A súa vontade de participar en dito proceso de contratación administrativa.

Segundo.- Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos no apartado primeiro do artigo 140 da LCSP, e en concreto:

- a) Que conta coa personalidade xurídica e, no seu caso, representación.
- b) Que, no seu caso, está debidamente clasificada a empresa ou que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- c) Que non está incurso nunha prohibición de contratar das recollidas no artigo 71 da LCSP.
- d) Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- e) Que acepta os pregos de cláusulas administrativas do presente contrato.
- f) Que se somete á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, por todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitador (só no caso de empresas estranxeiras).

Terceiro.- Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo de esta declaración, en caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para elo.

Meira,.....dedo 2023

Sinatura do licitador,



PROPOSICIÓN ECONÓMICA E CRITERIOS SOMETIDOS A AVALIACIÓN MEDIANTE FÓRMULAS.

a) Proposición económica.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

D/D^a.....provisto de DNI.....con
endereço para os efectos das posibles notificacións neste procedemento
en.....en nome e representación da
mercantil....., con
CIF....., e tendo en conta o procedemento de contratación do
Concello de Meira para a realización do contrato denominado:

“SERVIZO DE DESBROCE MECANIZADO DO CONCELLO DE MEIRA”

polo procedemento aberto simplificado fago constar que coñezo o Prego de Cláusulas Administrativas que serve de base ao contrato, así como o de condicións técnicas e acéptos integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a tomar ao meu cargo a execución dos servizos, con estrita suxeición aos requisitos e condicións establecidas, achegando a seguinte oferta cos seguintes importes:

- **Prezo sen I.V.E.:** €
- **Importe do Imposto sobre o Valor Engadido (I.V.E.):** €
- **TOTAL:** €.
- **Número de hectáreas (ha) que a licitadora se compromete a desbrozar a maiores das establecidas nos pregos:.....**

Meira,.....dedo 2023

Sinatura do licitador

Asdo.:



14.- GARANTÍA PROVISIONAL.

Non se esixe, acordo á natureza e entidade do procedemento.

15.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

VALORACIÓN DOS CRITERIOS SOMETIDOS A APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS (ATA 100 PUNTOS).

15.1. Prezo ofertado (ATA 80 PUNTOS).

Quedarán desestimadas todas aquelas proposicións que superen o prezo base de licitación ou o valor estimado do contrato sinalado na cláusula sexta.

A asignación de puntos efectuarase proporcionalmente á oferta económica presentada polos licitadores, e acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación} = [80*(A - C)]/(A - B).$$

Sendo:

A: Orzamento base de licitación.

B: A mellor proposta económica presentada polos licitadores.

C: Proposta económica de cada licitador que se somete a valoración.

O incumprimento das proposicións ofertadas implicará a perda do dereito á adxudicación do presente contrato.

15.2. Melloras (ATA 20 PUNTOS).

Os pregos de prescricións técnicas establecen que a superficie a desbrozar obxecto do presente contrato ascende a 69,00 ha.

Por cada ha que a persoa licitadora se comprometa a desbrozar a maiores, sen coste algún para o Concello de Meira, outorgaranse 4 puntos, cun máximo de 20 puntos.

15.3. En caso de empate, resolverase en favor da empresa licitadora que conte cun cadro de persoal cunha maior porcentaxe de mulleres contratadas e, en caso de persistir o empate, terá preferencia a empresa licitadora que teña maior porcentaxe de traballadoras fixas no seu cadro de persoal.

16.- OFERTAS ANORMALMENTE BAIAS.

Consideraranse incursas en presunción de anormalidade as ofertas que cumpran os parámetros obxectivos cando a oferta económica presentada incorra nos supostos do artigo 85 RGLCAP.

Conforme ao artigo 159.4. f) da LCSP 2017 cando a oferta do licitador que obtivese a mellor puntuación presúmase que é anormalmente, a Mesa, previa exclusión, no seu caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos do prego, e antes da realización da proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación, deberá tramitarse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP, no que se solicitará o asesoramento técnico do servizo correspondente, aínda que o prazo máximo para que xustifique a súa



oferta o licitador non poderá superar os 5 días hábiles desde o envío da correspondente comunicación.

Así, recibidas as xustificacións, a Mesa solicitará un informe técnico, que analice detalladamente as motivacións que argumentase o licitador para poder manter a súa oferta.

En todo caso, os órganos de contratación rexeitarán as ofertas se comprobán que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre contratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes.

Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

Á vista das xustificacións dos contratistas cuxa oferta fose clasificada como desproporcionada e do informe técnico municipal que as analice, a Mesa de Contratación, propoñerá ao órgano de contratación de xeito motivado a admisión da oferta ou a súa exclusión.

Cando resulte adxudicataria do contrato unha empresa que estivese incurso en presunción de anormalidade, o órgano de contratación establecerá mecanismos adecuados para realizar un seguimento pormenorizado da execución do mesmo, co obxectivo de garantir a correcta execución do contrato sen que se produza unha diminución na calidade dos servizos, as obras ou as subministracións contratadas.

De conformidade co artigo 107.2 da LCSP, o órgano de contratación poderá establecer a presentación de garantía complementaria nos casos en que a oferta do adxudicatario resultase inicialmente incurso en presunción de anormalidade.

17.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

De conformidade co previsto na LCSP, as proposicións deberán presentarse necesaria e unicamente no rexistro indicado no anuncio de licitación e sinalado nos presentes pregos.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

A presentación de proposicións supón a aceptación incondicional polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións previstas nos pregos que rexen o contrato, sen excepción ou reserva algunha.

18.- MESA DE CONTRATACIÓN.



A Mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa, e actuará conforme ao previsto no artigo 326 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario e o Interventor, así como aquel outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

A composición da Mesa publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente e contará cos seguintes membros:

- Un Presidente.
- Tres vogais.
- Un Secretario.

Nas entidades locais poderán integrarse na Mesa a persoal ao servizo das Deputacións Provinciais ou das Comunidades Autónomas.

19.- APERTURA DE DOCUMENTACIÓN E EXAME DAS PROPOSICIÓNS.

1.- Rematado o prazo para presentar as ofertas, procederase, en primeiro lugar, ao exame da documentación incluída no sobre “Único” e relativa á documentación administrativa

Para estes efectos, ordenará a apertura deste sobre e a secretaria ou secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

Se observase defectos materiais na documentación presentada comunicarao ao número de fax ou enderezo electrónico indicado pola ou polo licitador na declaración incluída no Sobre “Único” aos interesados e concederáselles un prazo non superior a tres (3) días hábiles para que emenden o erro.

Cualificada a documentación administrativa e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, pronunciarase expresamente sobre as licitadoras ou licitadores admitidos, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

2.- En segundo lugar, procederase a valorar os criterios avaliáveis de xeito automático nestes pregos e seguidamente procederá á súa valoración, clasificándoas por orde decrecente de puntuación, a cuxo efecto poderá solicitar os informes técnicos que considere precisos.

En todo caso a apertura das propostas relativas a criterios económicos farase en acto público.



Este acto será previamente anunciado na páxina web, perfil do contratante e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Meira.

A Mesa, á vista das proposicións e demais circunstancias que teñan que terse en conta e en atención ao informes técnicos e asesoramentos que estime oportuno, valorará as distintas proposicións presentadas, clasificándoas por orde decrecente de valoración e propondrá ao órgano de contratación a adxudicación a favor do licitador que houbera presentado a oferta máis vantaxosa de conformidade co establecido neste prego.

Así mesmo, a Mesa de Contratación poderá desestimar todas aquelas proposicións que non se axusten ás condicións esixidas no presente prego e acordo ás condicións técnicas estipuladas no contrato.

20.- ADXUDICACIÓN.

A adxudicación do contrato deberá ser motivada, notificarase e simultaneamente publicarase no perfil do contratante do Concello de Meira.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes á recepción da documentación e conerá como mínimo os extremos sinalados no artigo 165 da LCSP.

21.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Valoradas as ofertas definitivas, e clasificadas estas por orde decrecente o Sr. Alcalde como representante do órgano de contratación requirirá ao licitador que presentou a oferta económica máis vantaxosa para que no prazo máximo de CINCO DÍAS HÁBILES a contar desde o seguinte a aquel en que recibira o requirimento, presente a DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE:

- Atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias.
- Atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Dispoñer efectivamente dos medios para levar a cabo a prestación do presente servizo.
- En caso de que a documentación administrativa inicial fose substituída pola declaración responsable, deberá achegar así mesmo toda a documentación prevista nestes pregos.

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á mesma implicará o dereito á adxudicación do presente contrato.

22.- GARANTÍA DEFINITIVA.

Non se requirirá a constitución de garantía definitiva, segundo o art. 159.6 f) da LCSP.

23.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato realizarase mediante a firma polo contratista da resolución de adxudicación.



En ningún caso poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, que se producirá no prazo máximo de cinco días desde que o adxudicatario recibise o requirimento.

Si se tratase dunha Unión Temporal de Empresas o seu representante deberá presentar ante o órgano de contratación a escritura pública da súa constitución, CIF asignado e nomeamento de representante con poder suficiente.

A formalización do contrato publicarase no perfil de contratante.

24.- PRAZO DE EXECUCIÓN.

O prazo de execución do contrato, fíxase a partir da aceptación da resolución da adxudicación deste contrato, con data límite do 17 de setembro de 2023.

25.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.

1. O contratista queda obrigado a realizar o servizos nos termos recollidos no presente Prego de Cláusulas Administrativas, así como por aquelas directrices establecidas desde o Concello a través de informes técnicos.

2. O contrato executarase a risco e ventura do contratista; a reparación e a satisfacción das indemnizacións polos danos que se lle causen tanto ao Concello de Meira como a terceiros será por conta súa, como consecuencia das operacións que requira a execución do servizos, salvo cando tales prexuízos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde do Concello de Meira.

3. O contratista está obrigado a aportar os medios e equipamentos precisos para a boa execución do contrato, así como o persoal e demais esixencias que, de ser o caso, se determinen.

Este persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, polo que este terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empresario e deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, de seguridade e saúde laboral e de prevención de riscos laborais.

4. En caso de accidente ou prexuízo de calquera xénero que lles ocorresen aos traballadores con motivo do exercicio dos traballos, a empresa adxudicataria cumprirá o que dispoñen as normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de ningún xeito ao Concello de Meira.

A tal fin, a empresa está obrigada ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral.

5. O incumprimento destas obrigacións ou as infraccións sobre as disposicións de seguridade non implicarán responsabilidade algunha para o Concello de Meira.

6. A colocación da correspondente placa cos logotipos das administracións financiadoras, no caso de que a actuación sexa obxecto de financiación doutra Administración ou entidade.



7. O contratista virá obrigado ao pagamento dos tributos vixentes e calquera outro gasto de carácter legal que puidesen devengarse con motivo da prestación ou execución do contrato. O contrato, executarase con suxeición ao establecido no seu clausulado e nas condicións previstas no presente prego e no proxecto técnico aprobado ao efecto.

26.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

Para os efectos de cumprir co disposto no artigo 202 da LCSP sobre condicións especiais de execución do contrato de carácter medioambiental ou social, fíxase para este contrato a seguinte:

- O cumprimento dos convenios colectivos sectoriais e territoriais aplicables á empresa adxudicataria, circunstancia que deberá acreditarse ante o concello en calquera momento a requirimento deste.

As condicións especiais de execución enunciadas e cualificadas como obrigas contractuais esenciais, resultan igualmente aplicables aos subcontratistas que poidan efectuar prestacións consonte ao previsto neste prego.

Estas condicións especiais de execución forman parte do contrato e serán igualmente esixidas a todos os subcontratistas que participen na súa execución.

En tal caso, o incumprimento das condicións especiais de execución dará lugar á imposición das seguintes penalidades: 3% do importe de adxudicación do contrato, IVE incluído, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderá alcanzar ata un 5% ou ata un máximo legal dun 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento terase en conta para valorar a gravidade.

27.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE.

En relación coa confidencialidade será de aplicación o disposto no artigo 133 da LCSP.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal.

Este deber manterase no prazo establecido nos presentes pregos.

Non se poderá divulgar a información facilitada polos empresarios que estes designasen como confidencial, e así fose acordado polo órgano de contratación.

A estes efectos, os licitadores deberán incorporar no sobre a relación de documentación para os que propoñan ese carácter confidencial, fundamentando o motivo de tal carácter.

28.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que puidese ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obrigación que subsistirá aínda despois da finalización do mesmo, de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



O adxudicatario deberá formar e informar o seu persoal das obrigacións que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidese incurrir.

O adxudicatario e o seu persoal durante a realización dos servizos que se presten como consecuencia do cumprimento do contrato, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade das dependencias municipais nas que se desenvolva o seu traballo.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar na súa integridade a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e a súa normativa de desenvolvemento, de conformidade co establecido na disposición adicional vixésimo quinta da LCSP.

29.- CLÁUSULA DE RESERVA E SIXILO.

A información, datos e especificacións facilitadas polo Concello de Meira ao licitador e ao persoal ao seu servizo, ou a todo aquel que tivese acceso á execución do contrato, deberán ser consideradas por estes como confidenciais, non podendo ser obxecto, total ou parcialmente, de publicación, copia, utilización, cesión ou préstamo a terceiros.

O contratista e o persoal ao seu servizo, adquiren a obriga de custodiar fiel e coidadosamente a información, documentación, ou os datos que se lles entreguen para a realización dos servizos e, con elo, o compromiso de que os mesmos non cheguen en ningún caso a poder de terceiras persoas distintas das que lles sexan indicadas expresamente polo Concello de Meira.

En todo caso, o licitador será responsable dos danos e prexuízos que o incumprimento das abrigas enumeradas anteriormente puidesen derivarse para o Concello de Meira ou para terceiras persoas.

30.- RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA POR DANOS E PREXUÍZOS.

De conformidade co disposto no artigo 196 da LCSP, o contratista será responsable de todos os danos e prexuízos directos e indirectos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

Se os danos e prexuízos ocasionados fosen consecuencia inmediata e directa dunha orde dada pola Administración, esta será responsable dentro dos límites sinalados nas leis.

Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto elaborado por ela mesma, sen prexuízo da posibilidade de repercutir contra o redactor do proxecto e acordo co establecido no artigo 315 da LCSP.

En caso de incumprimento por parte do contratista da obriga de indemnizar os danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, a Administración procederá á imposición das penalidades que se determinen no presente prego.



31.- CESIÓN DO CONTRATO.

Os dereitos e obrigas dimanantes do presente contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non fosen razón determinante da adxudicación do contrato, cumpriéndose os supostos e os requisitos establecidos no artigo 214.2 LCSP, e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado.

Sen prexuízo do establecido no apartado 2, letra b) do artigo 214 LCSP, non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

32.- SUBCONTRATACIÓN.

O contratista non poderá concertar con terceiros a realización parcial do contrato sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 215 e 216 da LCSP.

En todo caso as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder do 60% do importe de adxudicación.

A infracción destas condicións, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras previstas na LCSP, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias:

- a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50% do importe do subcontrato.
- b) A resolución do contrato, a condición de que se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211 LCSP.

Así mesmo, e en canto aos pagos a subcontratistas e subministradores, quedará obrigado ao cumprimento dos requisitos e obrigacións establecidos nos artigos 216 e 217 LCSP.

En todo caso, os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, con arranxo estrito aos pregos de cláusulas administrativas particulares, e aos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigacións en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201 LCSP.

Os subcontratistas non terán acción directa fronte á Administración contratante polas obrigacións contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

O contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, como moi tarde, cando inicie a execución deste, ao órgano de contratación a súa intención de celebrar subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista, e xustificándoo suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia. Así mesmo, xunto co



escrito mediante o que se dea coñecemento á Administración do subcontrato a celebrar, o contratista deberá acreditar que o subcontratista non se atopa incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo da 71 LCSP.

Dita acreditación poderá facerse efectiva mediante declaración responsable do subcontratista.

O contratista principal deberá notificar por escrito ao órgano de contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas.

O contratista deberá informar os representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

Os licitadores deberán indicar na súa oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil empresarial dos subcontratistas aos que vaia a encomendar a súa realización.

Neste caso, se os subcontratos non se axustan ao indicado na oferta, non poderán celebrarse ata que transcorran vinte días desde que efectúen a notificación e achega das xustificacións referidas no parágrafo anterior, salvo autorización expresa con anterioridade pola Administración ou situación de emerxencia xustificada, agás se a Administración notifica nese prazo a súa oposición.

De conformidade co artigo 217.1 LCSP, o contratista deberá remitir ao órgano de contratación, cando este soliciteo, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago.

Así mesmo, deberán achegar a solicitude da Administración xustificante do cumprimento dos pagos a aqueles unha vez terminada a prestación, dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 LCSP e na Lei 3/2004 do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que lle sexa de aplicación.

Estas obrigacións terán a consideración de condicións esenciais de execución do contrato e o seu incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades que, no seu caso, se prevén nos presentes pregos.

De conformidade co disposto na disposición adicional quincuaxésima primeira da LCSP, sen prexuízo do previsto nos artigos 216 e 217 e sempre que se cumpran as condicións establecidas no artigo 215, o órgano de contratación poderá prever nos pregos de cláusulas administrativas, se realicen pagos directos aos subcontratistas.

No presente contrato estarase ao disposto nestes pregos. Os pagos efectuados a favor do subcontratista entenderanse realizados por conta do contratista principal.

En ningún caso será imputable á Administración o atraso no pago derivado da falta de conformidade do contratista principal á factura presentada polo subcontratista.



33.- EXECUCIÓN DEFECTUOSA E DEMORA.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo fixado para a realización do mesmo, así como os prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Se o servizos sufrira un atraso na súa execución, e sempre que o mesmo non for imputable ao contratista e este ofrece se cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo, dándolle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor, de acordo co establecido no artigo 195.2 da LCSP, regulándose os requisitos e trámites conforme ao artigo 100 do RGLCAP.

O responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o atraso foi producido por motivos imputables ao contratista.

De conformidade co disposto no artigo 29.3 LCSP cando se produza demora na execución da prestación por parte do empresario, o órgano de contratación poderá conceder unha ampliación do prazo de execución, sen prexuízo das penalidades que no seu caso procedan, resultando aplicable o previsto nos artigos 192 e seguintes da LCSP.

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total ou parcial, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, IVE excluído o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Neste último suposto, o órgano de contratación concederá a ampliación do prazo que estime necesaria para a terminación do contrato.

Así mesmo, a Administración terá as mesmas prerrogativas cando a demora no cumprimento dos prazos parciais faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

A Administración, en caso de incumprimento dos prazos parciais definidos no contrato por parte do contratista, poderá optar pola resolución do contrato ou polas penalidades.

Nos supostos de incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso ou de demora na execución en que non estea prevista penalidade ou en que estando a mesma non cubrise os danos causados á Administración, esixirase ao contratista a indemnización por danos e prexuízos.

34.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos na Subsección 4ª da Sección 3ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da LCSP, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191 LCSP, coas particularidades previstas no artigo 207 LCSP.



Os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos supostos establecidos no apartado 2 do artigo 203 da LCSP.

Procederá a modificación do contrato nos termos previstos no prego de cláusulas administrativas particulares, acordo co contido sinalado no artigo 204 da LCSP.

As modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas nos termos establecidos no artigo 206 da LCSP, debendo formalizarse nos mesmos termos empregados na adxudicación, conforme ao disposto no artigo 153 da LCSP e publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da citada Lei.

No concerne ao seu réxime estarase ao disposto na Subsección 4ª da Sección 3ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da LCSP, e os artigos 191, 203 e 242 da LCPS, así como ao disposto regulamentariamente.

35.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

Son causas de resolución do contrato as recollidas nos artigos 211, 306 e 307 da LCSP.

De conformidade co artigo 211.2 da LCSP, nos casos en que concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberá atenderse á que aparece con prioridade no tempo.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación de conformidade co disposto no artigo 212.1 da LCSP mediante procedemento tramitado na forma regulamentariamente establecida.

Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle esixible unha indemnización á Administración polos danos e prexuízos ocasionados.

A determinación dos danos e prexuízos que deba indemnizar o contratista levará a cabo polo órgano de contratación en decisión motivada previa audiencia do mesmo, atendendo, entre outros factores, ao atraso que implique para o investimento proxectado e aos maiores gastos que ocasione á Administración.

Para a aplicación das causas de resolución estarase ao disposto no artigo 212 da LCSP e para os seus efectos ao disposto nos artigos 213 e 246 da LCSP, así como no seu caso, ao disposto no desenvolvemento regulamentario.

36.- PENALIDADES ADMINISTRATIVAS.

Imporanse penalidades á ou ao contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

- a) Polo incumprimento das obrigas esenciais do contrato. O incumprimento de calquera das obrigas esenciais do contrato establecidas neste prego dará lugar á imposición á ou ao contratista das seguintes penalidades:
 - Como regra xeral, a súa contía será do 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal



do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao disposto no artigo 194 da LCSP.

O cumprimento pola ou polo adxudicatario das obrigas esenciais poderá verificarse polo responsable do contrato ou o órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ao tempo da recepción da subministración.

b) Polo incumprimento defectuoso. Imporanse penalidades polo incumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Si, ao tempo da recepción, calquera dos elementos subministrados ou o seu equipamento non se atopa en estado de ser recibidos por causas imputables á ou ao contratista,
- Como regra xeral, a súa contía será do 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá á ou ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

c) Polo incumprimento dos criterios de adxudicación. Imporanse á ou ao contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:

- Si, durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, se aprecia que, por causas imputables á ou ao contratista, incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta.
- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25% da puntuación obtida pola ou polo contratista no criterio de adxudicación incumprido, resultara que a súa oferta non tería sido a mellor valorada.
- Como regra xeral, a súa contía será do 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

d) Por demora. Cando a ou o contratista, por causas que lle foran imputables, incorrera en demora, tanto en relación ao prazo total como aos prazos parciais establecidos, estarase ao disposto no artigo 194 da LCSP en canto á imposición destas penalidades.



37.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

Os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas constitúen a Lei fundamental do contrato.

Para o non previsto no presente prego estarase ao disposto na LCSP.

Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no artigo 190 da LCSP, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista por mor da execución do contrato, suspender a execución do mesmo acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Igualmente, o órgano de contratación ostenta as facultades de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato, nos termos e cos límites establecidos na LCSP para cada tipo de contrato.

En ningún caso ditas facultades de inspección poderán implicar un dereito xeral do órgano de contratación a inspeccionar as instalacións, oficinas e demais emplacementsos nos que o contratista desenvolva as súas actividades, salvo que tales emplacementsos e as súas condicións técnicas sexan determinantes para o desenvolvemento das prestacións obxecto do contrato, extremos que deberán quedar xustificadas de forma expresa e detallada no expediente administrativo.

Os procedementos para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas anteriormente, instruiranse de conformidade co disposto no artigo 191 LCSP. Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efecto do contrato serán resoltas polo órgano de contratación. Tales acordos poñerán fin á vía administrativa e contra os mesmos poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición, previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do acordo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente ao foro do Concello de Meira, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Meira, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Asdo. Antonio de Dios Álvarez